

PROBAS DE AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE

ORIENTACIÓNS PARA A MATERIA “LATÍN II” (cód. 30)

Curso 2023-2024

Tal como está publicado na páxina web da CIUG, na ABAU de 2024 os currículos estarán determinados, salvo instrución noutro sentido, pola Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 423/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022). Na actualidade estanse a recibir numerosas consultas sobre o formato das probas e as materias que entrarán nas probas de 2024, pero esas consultas non poden ser resoltas en tanto o Ministerio non publique o correspondente Real Decreto que aclare todo o proceso. Manteranse informados os centros, estudantes e familias das novidades que poida haber, e lámbrase que os pasos na planificación son Ministerio, Xunta de Galicia e Universidades.

Así pois, á espera das instrucións que poidan ser dadas ao respecto e tendo en conta que están anunciados cambios nas PAU para cursos próximos, de forma provisional parece oportuno propoñer para o curso 2023-2024 manter para a materia Latín II o programa de contidos e os criterios de valoración utilizados no curso anterior, posto que responden ao currículo establecido na normativa antes mencionada. A estrutura concreta do exame queda pendente das correspondentes instrucións.

O programa e os criterios de valoración son os seguintes:

1. TEXTOS

Pídese a tradución dun fragmento dun texto latino da obra de Eutropio ou da obra de Fedro. Será obxecto da proba a mesma selección de textos do curso pasado publicada na páxina web da CIUG.

Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente. Poderase utilizar un dicionario de latín, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao

dicionario que non sexa orixinal.

2. MORFOLOXÍA E SINTAXE

Pídese a análise morfolóxica ou a análise sintáctica dun fragmento sinalado no texto proposto para tradución.

Na análise morfolóxica hai que identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas.

Na análise sintáctica hai que explicar as estruturas sintácticas que haxa no fragmento e as funcións de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

Para as dúas posibilidades admítese calquera método de análise que sexa correcto.

3. LITERATURA LATINA

Hai que responder con exactitude e claridade a unha cuestión sobre algún dos seguintes autores e xéneros:

- a) Teatro. Plauto.
- b) Oratoria e retórica. Cicerón.
- c) Historiografía. Tito Livio.
- d) Épica. Virxilio.
- e) Lírica. Horacio.

4. LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO

Hai que explicar de forma clara e precisa cinco elementos dun dos tres seguintes aspectos:

4.1. Procedementos de derivación e composición produtivos en latín e os seus resultados na lingua galega ou na lingua castelá.

4.2. Locucións ou expresións latinas e exemplificación en contextos adecuados.

4.3. Etimoloxía de topónimos de orixe latina.

Para os aspectos indicados nos puntos 4.1 e 4.2 continuarase utilizando a listaxe de materiais publicada na páxina web da CIUG.

Santiago de Compostela, setembro de 2023

Xosé Carracedo Fraga
Director do grupo de traballo